

Alberto Noguerol + Pilar Díez

Alberto Noguerol e Pilar Díez forman, desde comezos da década dos oitenta do pasado século, un tándem de traballo que fundamenta a súa actividade na experimentación, na reflexión e na complementariedade das súas respectivas formacións académicas.

A obra de Noguerol e Díez é unha obra complexa e reflexiva. Non se amosa plenamente nunha primeira ollada nin permite unha aproximación superficial. Precisa dunha segunda aproximación para descubrir a riqueza encerrada no coitado dos acabados e do deseño. Os seus proxectos baséanse nunha complexa e sutil dialéctica, no constante xogo de variacións, disonancias e alusións a unha topografía cultural propia.

Na súa traxectoria obsérvase un carácter experimental no que se investiga sobre diferentes motivos e recursos, buscando as súas máximas calidades expresivas e plásticas, establecendo dialécticas innovadoras entre elementos compositivos de raíz histórica e os actuais, recorrendo ao emprego da luz como un elemento compositivo máis, de fonda carga estética, fuxindo sempre da grandilocuencia de linguaxes artificiosas que lles resultan alleas.

As veladuras e o diálogo aparecen como elementos fundamentais na súa linguaxe. Forma e función atopan nos seus proxectos un equilibrio, unha mutua razón de ser, que transloce o coñecemento profundo das bases conceptuais da arquitectura moderna, sen que este rigor funcional impida a presenza de elementos que se constrúen en valiosos achados formais, como no caso da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela (1988-1991), na que a pel do edificio se altera acadando notables logros expresivos, ou no Concello de Cangas (1995), no que a composición das fachadas mediante estratos superpostos e diferenciados agocha pero deixa adiviñar un interior basicamente funcional que non renuncia a establecer sorprendentes dialécticas entre espazos e volumes.



O emprego de secuencias, a reiteración buscada de elementos, aparece como unha constante que vai gañando diversidade de rexistros e que se vai enriquecendo ao longo da súa traxectoria, nun proceso lineal de investigación de posibilidades estéticas que vai desde as Vivendas en Sant Just Desvern (1980, 1981), nas que as pezas aparecen nunha disposición secuencial ordenada ritmicamente por vans e muros de separación, ata proxectos máis recentes, como a Biblioteca Central da Universidade de Vigo (1995-1998), cuxo pechamento exterior xoga con ritmos moito máis dinámicos e complexos.

A linguaxe empregada por Alberto Noguerol e Pilar Díez é unha linguaxe interiorizada e crítica, herdeira de toda unha tradición arquitectónica e estética que asumen e reinterpretan desde unha perspectiva plenamente contemporánea, desde unha reflexión crítica e unha constante revisión de elementos, motivos e postulados. É unha linguaxe en constante evolución, froito dunha permanente reflexión sobre os elementos esenciais da arquitectura e a relación do edificio co seu contorno. Esta preocupación aparece recollida en proxectos como a Oficina de Turismo de Capdepera (1986-1988), inserida nun espazo axardinado, o colexio da Barcala, en Cambre (1987-1989), ou o conxunto da Praza do Concello de Camas (Sevilla, 1984-1991), no que o edificio da Biblioteca e o Concello establecen unha complexa dialéctica que, en certo sentido, dota de significación o espazo e aparece como elemento conformador dunha nova paisaxe.


Alberto Noguerol del Río, (Callobre de Miño), obtivo o título de arquitecto na ETSA de Barcelona no ano 1974. Exerceu como docente na Escola de Barcelona ata o ano 1986 e na actualidade é profesor na ETSA da Coruña.

Pilar Díez, (A Coruña) é licenciada pola Escola de Belas Artes de Barcelona (1980).



Na actualidade desenvólven a súa actividade profesional de xeito conxunto desde o seu estudo da Coruña.




Oito vivendas en Sant Just Desvern. Barcelona, 1980-1981
Eight houses in Sant Just Desvern. Barcelona, 1980-1981





Centro Cultural en Canovelles. Barcelona, 1983-1986
Canovelles Cultural Centre. Barcelona, 1983-1986




Casa do Concello, Biblioteca e praza en Camas. Sevilla, 1984-1991
Town Hall, library and square in Camas. Sevilla, 1984-1991



Casa do Concello de Cangas. Pontevedra, 1984-1995
Town Hall. Cangas, Pontevedra, 1984-1995




Ampliación do Concello e Praza Belluga. Murcia, 1986
Enlargement of the Town Hall and Belluga Square. Murcia, 1986




Praza Capdepera. Illes Balears, 1986-1988
Capdepera Square. Balearic Isles, 1986-1988




Facultade de Filoloxía. Santiago de Compostela, 1988-1991
Faculty of Filology. Santiago de Compostela, 1988-1991





Colexio en Santa Comba. A Coruña, 1989-1991
Primary School in Santa Comba. A Coruña, 1989-1991




Club Universitario. A Coruña, 1990-1991
University Club. A Coruña, 1990-1991



Palacio de Congresos de Santiago de Compostela, 1992-1995
Conference Hall in Santiago de Compostela, 1992-1995



Centro de Saúde de Elviña. A Coruña, 1995-1996
Elviña Health Centre. A Coruña, 1995-1996



Biblioteca Universitaria. Vigo, 1995-1998
University Library. Vigo, 1995-1998

Alberto Noguerol and Pilar Díez form a working team since the early eighties of the past century with an activity based on the experimentation, the observation and the common skills acquired from their respective academic formation.

Noguerol and Díez work is a complex and deep. Therefore, it cannot be seen in detail at the first sight because more than a purely superficial approximation is required. A second approximation is needed in order to discover the entire richness in the care of the finish and design. Their plans are based on complex and subtle dialectics playing continuously with different variations, dissonances and references to an own cultural topography.

An experimental character that researches different motifs and resources aiming at finding their greatest expressive and plastic qualities characterizes their professional life. Besides, they establish new dialectics among composite elements of the historic roots and the current ones and they resort to the use of light as another composite element with an important aesthetic factor different from the grandiloquence of artificial languages that seem to be strange to them.

Subtle veils and dialogue appear like fundamental elements in their language. Form and function find a balance in their plans, a mutual reason to be, that let the deep knowledge of conceptual basis of modern architecture be seen. In fact, this functional rigor prevents them from the presence of elements forming valuable formal findings. This is the case of the Faculty of Philology of Santiago de Compostela (1988-1991), in which the skin of the building is altered reaching notable expressive achievements. We can also observe the Concello de Cangas (Cangas City Hall) (1995) in which the composition of the facades hides by means of superimposed and different stratus, but we may guess a functional inside that does not renounce to establish amazing dialectics between spaces and volumes.

The use of sequences, the conscious reiteration of elements, appears as a constant that goes gaining in diversity of registers and it goes getting richer along their career, in a lineal process of researching of aesthetic possibilities. Examples such as the Houses in Sant Just Desvern (1980-1981), in which the pieces appear in a sequential disposition that is rhythmically tided by hollows and separating walls, or more recent plans, like the Central Library of the University of Vigo (1995-1998), whose closing exterior plays with quite dynamic and complex beats.

The language used by Alberto Noguerol and Pilar Díez is interiorized and critical, heir to a complete architectonic and aesthetic tradition that assumes and reinterprets motifs and approaches from a contemporaneous perspective, from a critical view and a constant reviewing of elements. It deals with a language in continuous evolution, result of a permanent inner observation of the essential elements of architecture and the link between building and environment. Their concern appears in plans such as the Tourist Office of Capdepera (1986-1988), inserted in a gardening space, the school of A Barcala, in Cambre (1987-1989) or the group of the Council Square in Camas (Sevilla, 1984-1991), where the Library building and the City Hall establish complex dialectics that gives meaning to the space and appears like a performing element of a new landscape.

Alberto Noguerol del Río, (Callobre de Miño), took his degree in Architecture at the School of Architecture in Barcelona in 1974. He worked as a teacher there until 1986 and nowadays he is a professor at the School of Architecture of A Coruña.

Pilar Díez, (A Coruña), took her degree at Fine Arts School of Barcelona (1980).

Today they develop their professional activity together from their studio in A Coruña.

ARQUITECTOS GALEGOS GALICIAN ARCHITECTS



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SECCIÓN DE ARQUITECTURA